

Primitivo Iglesias lidera unha candidatura “encamiñada á consecución de mellores servizos e de máis benestar para os cidadáns”

“Cremos que é necesario seguir avanzando. Traballaremos a reo para consolidar o proxecto que iniciamos en 2007: abrir as portas da casa consistorial para atender e escoitar a todos os cidadáns e mirar polas necesidades de cada unha das dezanove parroquias, sen distinción de pequena ou grande”, afirma

Para elo, o alcaldable presenta un programa, no que “en cada ida, hai unha proposta”. Os principais eixos de actuación están destinados a mellorar as infraestruturas municipais, a potenciar o sector agrogandeiro, así como a apoiar aos maiores, á mocidade e ao patrimonio cultural

A PASTORIZA, 6 DE MAIO DE 2015.- Primitivo Iglesias preséntase á reelección como alcalde de A Pastoriza, e faino cunha candidatura formada por “xente con experiencia no Goberno municipal e con outras persoas que teñen probada competencia no traballo coas asociación das parroquias”; unha combinación, destaca, “que está encamiñada á consecución de mellores servizos e de máis benestar para os nosos veciños e veciñas”.

“Cremos que é necesario seguir avanzando e loitando polo progreso no noso concello. Por iso, traballaremos a reo para consolidar o proxecto que iniciamos en 2007, e que, a día de hoxe, está cumprido”. Con estas verbas, o alcaldable refírese ao obxectivo “de abrir as portas da casa consistorial para atender e escoitar a todos os cidadáns e mirar polas necesidades de cada unha das dezanove parroquias, sen distinción de pequena ou grande”. Por iso, e a pesares das dificultades, “o feito nestes oito anos en cada unha delas coído que é o noso mellor aval”, subraia.

“En cada idea, unha proposta”

Para elo, o programa de actuación, que marcará o vindeiro mandato. estrutúrase en 5 eixos principalmente. “En cada idea, afirma Iglesias, inclúe unha proposta”. Son as seguintes:

- **En infraestruturas e servizos**, destaca a rexeneración das pistas e camiños municipais, de tal xeito que se creará un dispositivo de vixilancia e conservación, co fin de garantir o mantemento da extensa rede viaria que xestiona a entidade local. Asimesmo, promoverase o polígono industrial, “con apoio e captación de novas empresas que ofrezan traballo e posibilidades de asentamento”; rematarase o contorno da Casa do Médico de Bretoña e traballarase para conseguir a mellor fórmula de xestión que permita a entrada en funcionamento da piscinal municipal.
- **Para o sector agrícola e gandeiro** buscaranse alternativas que permitan dotar ao concello dun servizo técnico que informe e asesore sobre todo tipo de axudas, ademais de promocionar a produción e a formación do sector.
- **Para o apoio aos maiores** seguirán reclamando á Xunta de Galicia a construción dun centro de día, pois a entidade local xa ten adquiridos e cedidos os terreos dende hai tempo; organizarán actividades destinadas a mellorar a calidade de vida deste colectivo; potenciación da atención e, cando a economía o permita, recuperarán a comida anual que o concello ofrecía aos pensionistas e xubilados.
- **Para a xuventude**, promoverán o emprego xuvenil con apoio, orientación e busca de recursos para asentamento, así como as escolas deportivas e a pista de karts.

- **Para a promoción do patrimonio, medio natural e da cultura**, apostan pola recuperación de espazos como o Castro de Saa ou creación do Centro de Interpretación do Alto Miño na finca de Barxa, en Fonmiñá.

Configuración da lista

Para acadar estes obxectivos, os compoñentes da lista preséntanse coa “ilusión e motivación de traballar por e para o municipio e os nosos veciños e veciñas”. Trátase dunha lista continuista, pero que inclúe algún cambio para “seguir dando un correcto e eficaz servizo aos cidadáns”, manifesta Iglesias. É a seguinte:

1. Primitivo Iglesias Sierra
2. Monteserrat Cabaneiro Rego
3. Ángeles Anido Murias
4. Wilma Cabodevila Val
5. Miguel Ángel Rico Rodríguez
6. Diógenes Iglesia Cabaneiro
7. Sonia Valiña Piñeiro
8. Iván Andión Ledo
9. Antonio Lorigados Eiras
10. Digna Gallego Méndez
11. José Carral Cabado

Suplentes:

1. Elba María Sandamil Morado
2. José Ramón Leivas Falcón
3. Josefa Orlanda Seco Fernández